



# BOP

VENRES, 24 DE NOVIEMBRE DE 2017 N.º 270

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

A Asociación Seminario de Estudos "Os Espigueiros" solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.57771

As obras solicitadas consisten no acondicionamento dunha ruta de sendeirismo na zona de servidume e zona de policía do rego da Barranca, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de novembro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 3421

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do Convenio Colectivo para o sector de Limpeza de Edificios e Locais da provincia de Lugo, (Código 27000335011981), asinado o día 3 de novembro de 2017, pola representación empresarial e das centrais sindicais C.I.G., U.G.T. e CC.OO., como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

**PRIMEIRO:** Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

**SEGUNDO:** Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 14 de novembro de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

#### CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL

#### PARA O SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DE LUGO

#### CAPITULO I

#### Ámbito de aplicación e duración

**Artigo 1º.- Ámbito Territorial e Persoal.-** As estipulacións deste Convenio Colectivo teñen carácter de mínimas e son de aplicación a todo o persoal que presta os seus servizos nas empresas adicadas á Limpeza de Edificios e Locais que realizan os seus traballos na provincia de Lugo, aínda cando o domicilio social das empresas radique noutra provincia.

**Artigo 2º.- Ámbito Temporal.-** A vixencia do presente Convenio iniciase o 1 de xaneiro de 2015 e remata o 31 de decembro do 2018. Chegado o remate da vixencia, o presente Convenio se considerará denunciado automaticamente.

Non obstante, a denuncia do Convenio non significa modificación algunha na aplicación do seu texto articulado e obrigas salariais, que continuarán vixentes prorrogados tácitamente de ano en ano ata a substitución polo novo, nos termos que as partes establezcan.

## CAPITULO II

### Xornada, vacacións, horas extraordinarias, licenzas e contratación eventual

**Artigo 3º.- Xornada Laboral.-** A xornada laboral establécese nun máximo de 39 horas semanais efectivas de traballo para todos os traballadores afectados polo presente Convenio.

Os días 24 e 31 de decembro e o Sábado Santo consideraranse con carácter xeral como xornada non laborable. Sen embargo, nos casos que sexa necesario, por así demandalo a empresa ou organismo arrendatario dos servizos de limpeza, o persoal que presta servizos nestes centros de traballo estará obrigado a realizar un servizo mínimo nas seguintes condicións: a xornada de traballo verase reducida na metade do tempo da que se realiza habitualmente, rematando os labores antes das 18:00 horas. Nestes casos a empresa e a representación dos traballadores negociarán a forma de compensar, ben economicamente a través do plus de traballo en domingos e festivos previsto no Artigo 18º do presente Convenio, ben mediante descansos, a redución antes aludida. Tal compensación negociarase igualmente para aquelas persoas que, pola natureza do traballo que desenvolvan, realicen as súas funcións en quendas rotatorias, persoas que se exceptúan das reducións horarias previstas neste artigo.

**Artigo 4º.- Descansos.-** Todo traballador que en cómputo semanal realice 39 horas de traballo efectivo terá dereito a vinte minutos de descanso, computable para todos os efectos como tempo de traballo.

O dito descanso gozase da seguinte maneira:

A) Persoal en quenda de mañá: entre as 11,00 e as 11,20 horas.

B) Persoal en quenda de tarde: entre as 18,00 e as 18,20 horas.

C) Persoal cunha xornada que non coincida coas quendas sinaladas anteriormente: nos vinte minutos seguintes á metade da xornada.

D) Persoal en xornada de mañá e tarde: nos vinte minutos seguintes á metade do horario de mañá.

**Artigo 5º.- Vacacións.-** O período de vacacións será con carácter xeral de 30 días naturais e serán gozadas entre os meses de xuño e setembro, salvo petición concreta dos traballadores interesados noutra data.

Non obstante o sinalado, naqueles casos nos que o traballador, por causas organizativas da empresa, teña que disfrutar as súas vacacións de xeito partido, terá dereito a 31 días naturais de vacacións.

O persoal de novo ingreso ou que non devengue vacacións completas terá dereito a gozar no dito ano un número de días proporcional ao tempo de servizo.

Cando un traballador preste servizos para dúas ou mais empresas, deberán estas poñerse de acordo sobre a data de disfrute do período vacacional. No caso de discrepancia reunirse, preceptivamente, a Comisión Mixta Paritaria do Convenio prevista na Disposición Final Primeira.

O persoal deberá concretar antes do fin do mes de febreiro a petición de vacacións para que, unha vez planificadas as necesidades da empresa e oída a representación sindical, se faga pública no taboleiro de anuncios da mesma, antes do 1º de abril, a relación definitiva de quendas. Os traballadores poderán establecer quendas rotativos para sucesivos anos.

En calquera caso, e con independencia do sistema establecido, cabe a posibilidade de permuta de datas de goce entre os traballadores sempre que non haxa problemas de tipo organizativo.

Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincida no tempo cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, o parto, a lactancia natural ou o período de suspensión do contrato de traballo previsto nos artigos 48.4 e 48.bis do Estatuto dos Traballadores, se terá dereito a disfrutar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á de disfrute do permiso que lle correspondera, ao rematar o período de suspensión, aínda que rematase o ano natural a que correspondan.

No suposto de que o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal por continxencias distintas ás sinaladas no parágrafo anterior que imposibilite ao traballador disfrutalas, total ou parcialmente, durante o ano natural a que corresponden, o traballador poderá facelo unha vez remate a súa incapacidade e sempre que non trancurriran máis de 18 meses a partir do remate do ano no que se orixinaran.

Durante o período de vacacións non se percibirá o sobresoldo de transporte nin o sobresoldo de asistencia, salvo que os traballadores perciban ditos sobresoldos prorrateados en doce mensualidades.

**Artigo 6º.-Horas Extraordinarias.-** Soamente se realizarán motivadas por forza maior ou as estruturais, entendendo por tales, ademais das previstas no Decreto regulador, as necesidades por períodos punta de produción, ausencias imprevistas, baixas de enfermidade ou accidente que non motiven substitución superior a 15 días, por permisos retributivos e polo tempo debido a desprazamentos.

As dúas primeiras horas extraordinarias aboaranse cun recargo sobre o valor da hora ordinaria de traballo do 25% e o resto cun recargo do 50%.

**Artigo 7º.- Licenzas retribuídas.-** Estarase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

En todo caso, o traballador, avisando coa suficiente antelación e posterior xustificación, terá dereito aos seguintes permisos retribuídos:

- a) 18 días naturais en caso de matrimonio.
- b) 2 días naturais por cambio de domicilio.
- c) 4 días naturais por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario, de parentes de primeiro grado por consanguinidade ou afinidade que convivan co traballador. Se o feito ocorrera noutra provincia, o permiso ampliarase a dous días naturais máis.
- d) 3 días naturais por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario, de parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao. Se o feito ocorrera noutra provincia, o permiso ampliarase a dous días naturais máis.
- e) 3 días naturais por nacemento de fillo.
- f) Dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, 1 día por matrimonio de fillos sempre que o día de disfrute da licenza sexa coincidente co día de celebración do matrimonio.
- g) Polo tempo necesario ata un máximo de 16 horas anuais para asistir a consulta médica, podéndose fraccionar estas ausencias.
- h) Polo tempo necesario para o cumprimento de deberes públicos.
- i) 7 días sen retribuir para asuntos propios e 4 días retribuídos coa mesma finalidade.

Os días de asuntos propios, que non serán acumulables a vacacións ou festivos e cuxo disfrute será proporcional á prestación de servizos ao longo do ano, solicitaranse, como norma xeral, con 7 días de anticipación á data na que se pretenda o seu disfrute, salvo que concurran causas non coñecidas con antelación que imposibiliten o preaviso.

Sen perxuízo de que non será preciso alegar razóns para solicitar os días de asuntos propios nin presentar xustificación ningunha, a empresa poderá denegar motivamente o seu disfrute en datas concretas por razóns organizativas tales como períodos de maior actividade ou ausencias imprevistas.

As licenzas e permisos recoñecidos no presente Convenio a favor dos cónxuxes se recoñecen igualmente para as parellas de feito previa a xustificación de tal condición conforme á normativa vixente.

**Artigo 8º.- Excedencias.-** 1.- O traballador con polo menos unha antigüedad na empresa dun ano terá dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos. Este dereito só poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador se transcorreron catro anos dende o final da anterior excedencia.

2.- Os traballadores terán dereito a un período de excedencia non superior a tres anos, para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data do seu nacemento.

Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, no seu caso, porá fin ao que se viñese disfrutando. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito.

O período de excedencia conforme ao establecido neste artigo será computable para os efectos de antigüedad e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, a cuxa participación deberá ser convocado polo empresario. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do posto de traballo. Transcurrido dito prazo a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

3.- Tamén poderán solicitar o seu paso á situación de excedencia na empresa os traballadores que exerciten funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

4.- O traballador excedente conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual o similar categoría á súa que se produciran na empresa, agás no caso de excedencia por coidado de fillo menor durante o primeiro ano de excedencia e nos casos de excedencia forzosa.

#### **Artigo 9º.- Contratación laboral**

A.- No uso da posibilidade prevista no Artigo 15.1b) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, no ámbito de aplicación do presente Convenio poderanse concertar os contratos eventuais previstos no devandito artigo cunha duración máxima de doce meses dentro

dun período de 18 meses. No caso de concertarse tales contratacións por prazo inferior a doce meses, poderán ser prorrogadas mediante acordo das partes, sin que a duración total do contrato poida exceder do dito límite máximo.

B.- A partes firmantes acordan que nos supostos de conversión en indefinido dos contratos de traballo por tempo determinado regulados no Real Decreto-Lei 8/1.997 e Lei 63/1.997, farase constar obrigatoriamente no modelo de contrato as seguintes cláusulas:

1.- O centro ou centros de traballo no que o traballador presta os seus servizos.

2.- Que no caso de producirse un despido por causa obxetivas declarado improcedente a indemnización que, no seu caso, se aboará ao traballador/a será a razón de corenta e cinco días de salario por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e ata un máximo de corenta e dúas mensualidades.

### CAPITULO III

#### Mellora das condicións de traballo

**Artigo 10º.- Situacións particulares.-** Durante o embarazo, a muller traballadora terá dereito a que se lle asigne un posto de traballo que esixa menos esforzo físico que o que vén realizando habitualmente, se iso fose posible e existise o dito posto de traballo. Calqueira traballadora embarazada non estará obrigada en ningún caso a desenvolver as súas funcións en lugares radiactivos, infecciosos ou perigosos para o embarazo.

**Artigo 11º.- Recoñecementos médicos.-** De conformidade co establecido na Lei de Prevención de Riscos Laborais e a súa normativa de desenvolvemento, as empresas virán obrigadas a vixiar periódicamente o estado de saúde dos traballadores en función dos riscos inherente ao traballo, debendo integrarse tales medidas na planificación da actividade preventiva ou Plan de Prevención da empresa.

Para tales efectos as medidas a desenvolver en materia de vixilancia da saúde axustaranse aos distintos riscos resultantes de tal avaliación.

Pola súa banda, os traballadores virán obrigados a someterse a cantos recoñecementos médicos dispoñan as empresas a cargo destas, tanto en situación activa coma en situación de I.T. ou análoga.

**Artigo 12º.- Roupas de Traballo.-** As empresas entregarán aos traballadores a roupa e material de traballo necesarios, en cada caso, para o desenvolvemento das funcións que teñan asignadas, sendo de obrigado cumprimento a entrega anual mínima de dous uniformes e dous pares de calzado. Así mesmo entregaranse luvas, calzado e roupas de auga aos traballadores/as que presten servizos en exteriores. Nestes casos o traballador/a estará obrigado ao correcto emprego de tales prendas.

O uniforme estará formado con carácter xeral por pixama, salvo acordo entre a empresa e o traballadora para o uso de bata.

### CAPITULO IV

#### Adscrición de Persoal

**Artigo 13º.- Adscrición de Persoal.-**

**PRIMEIRO.-** Supostos de subrogación:

a).- Cando a empresa na que se viñese realizando o servizo de limpeza a través dun contratista, tome ao seu cargo, directamente, o dito servizo, non estará obrigada a continuar co persoal que viñera prestando servizos ao contratista concesionario, se a limpeza a realizase cos traballadores do seu cadro de persoal e, polo contrario, deberá incorporalos á mesma (subrogación) se, para o referido servizo de limpeza, deba contratar novo persoal.

Cando a empresa principal rescinda o servizo de limpeza a un contratista e tome ao seu cargo dito servizo por tempo non superior a seis meses, si se probase fidedignamente que os servizos se reiniciaron por un novo contratista antes de transcorridos os seis meses referidos, non desaparecerá o carácter vinculante deste artigo, tendo o persoal da empresa saínte dereito a ser adscrito polo novo contratista dende o momento en que este tivera coñecemento do interese dos traballadores na adscrición.

Para os efectos previstos neste apartado, as empresas de limpeza incluírán nos contratos de arrendamento de servizos de limpeza que formalicen coa empresa principal unha cláusula ou estipulación pola que ambas partes contratantes se obriguen ao cumprimento desde apartado.

b).- Cando se produza un cambio de contratista na concesión do servizo de limpeza, o persoal que desenvolvera a súa xornada laboral, total ou parcialmente nun determinado centro de traballo ou contrata, pasará, ao vencemento da concesión, á nova adxudicataria de tal servizo calquera que fose a súa vinculación xurídico-laboral coa empresa cesante, sempre que tivese no centro de traballo unha antigüidade mínima de seis meses. Dita antigüidade mínima será de catro meses dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Nos casos previstos neste apartado a nova adxudicataria subrogarase en todos os dereitos e obrigas da empresa saínte en orden á:

1.- Categoría profesional, antigüidade, xornada, horario e centro de traballo.

2.- Prestacións de Seguridade Social, tales como a situación na que os traballadores subrogados estiveran dados de alta nesta, tales como a consideración de traballadores "a xornada completa" por ser alta cun contrato a tempo parcial superior a 2/3 da xornada antes do 8 de decembro de 1993 ou a consideración de traballadores con xornada inferior a 12 horas á semana ou 48 horas ao mes con dereito á totalidade das prestacións.

**SEGUNDO.-** O dereito de subrogación cando proceda segundo o establecido nos apartados primeiro e segundo deste artigo, abarca os seguintes casos:

a).- Persoal en activo.

b).- Persoal que no momento do cambio ou rescisión da concesión do servizo de limpeza se atopen en situación de IT, excedencia, servizo militar ou situación análoga.

c).- Persoal con contrato de interinidade que se atope substituindo a persoal con dereito a subrogación, ata o momento da súa incorporación.

Se por esixencias do cliente tivera que ampliarse a contrata con persoal de novo ingreso, éste será incorporado pola empresa entrante.

**TERCEIRO.-** No suposto de producirse a adscrición do persoal establecida nos apartados primeiro e segundo do presente artigo, a mesma producirase nas seguintes condicións:

a).- A nova empresa adxudicataria comunicará á empresa saínte, de xeito fidedigno, ser a nova adxudicataria do servizo de limpeza.

b).- A empresa saínte estará obrigada a comunicar á empresa entrante ou nova adxudicataria o seu cesamento no servizo, así como a relación nominal do persoal que debe ser absorbido, incluíndo aos traballadores que, por atoparse en situación de suspensión do contrato de traballo, eventualmente, puideran chegar a instar a súa reincorporación ao mesmo posto de traballo que ocupaban anteriormente.

Igualmente deberán pór no seu coñecemento, no prazo de 48 horas, as condicións laborais do dito persoal (categoría profesional, antigüidade, xornada, horario, prestacións da Seguridade Social, incluído o disposto no Apartado Primeiro do presente Artigo, punto 2, etc.).

Ao fin de regular a comunicación dos datos aos que se fai referencia no presente apartado, se adxunta ao presente Convenio como Anexo I o denominado "documento de adscrición" ou de comunicación da empresa saínte á empresa entrante, documento cuio contido servirá asemesmo para a sinatura do documento de subrogación entre a empresa entrante e o traballador subrogado.

c).- A requerimento da nova empresa adxudicataria, a empresa saínte estará obrigada a acreditar documentalmente que se atopa ao corrente das súas obrigas respecto do persoal transvasado, mediante a exhibición das liquidacións finais e as nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social correspondente aos tres últimos meses.

**CUARTO.-** O persoal que viñese prestando servizos en dous ou máis centros ou contratas, deberá pasar á situación legal de pluriemprego cando, con ocasión do cambio de titularidade dunha delas, tivera que chegar a depender de dous ou máis empresarios.

**QUINTO.-** De ningún xeito se producirá a adscrición do persoal no suposto do contratista que realice a primeira limpeza e non teña subscrito contrato de mantemento.

**SEXTO.-** O presente artigo será de obrigado cumprimento para as partes ás cales vincula (empresario principal, empresa cesante, nova adxudicataria e traballador) sempre que non entre en contradicción co previsto no artigo 17, *Subrogación do Persoal* do Convenio Colectivo Estatal de Limpeza de Edifícios e Locais, en cuio caso terá aplicación preferente este último, que operará a maiores como lexislación supletoria.

## CAPITULO V

### Retribucións

**Artigo 14º.- Salario.-** Durante o primeiro ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015, os traballadores percibirán os salarios establecidos en táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo II.

Estabrécese para o segundo ano de vixencia do Convenio, ano 2016, un incremento salarial de 0,5% sobre os salarios vixentes no ano 2015, tendo efectos retroactivos dito incremento dende o 1 de outubro de 2016, elo conforme á táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo III que reflicte dito incremento.

Estabrécese para o terceiro ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017, un incremento salarial de 1,25% sobre os salarios vixentes no ano 2016, elo conforme á táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo IV que reflicte dito incremento.

Estabrécese para o cuarto ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018, un incremento salarial de 1,75% sobre os salarios vixentes no ano 2017, elo conforme á táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo V que reflicte dito incremento.

O importe total que representa os incrementos pactados distribuirase da seguinte forma: 80% ao soldo base, 15% ao sobresoldo de asistencia e 5% ao sobresoldo de transporte.

**Artigo 15º.- Sobresoldo de Asistencia.-** Os traballadores afectados por este Convenio percibirán durante cada un dos anos de vixencia do mesmo –e cos efectos retroactivos estipulados para cada anualidade– a cantidade mensual de sobresoldo de asistencia que consta nas táboas salariais anexas ao presente Convenio.

No caso de inasistencia sen dereito ao cobro do sobresoldo de asistencia, descontarase ao traballador o importe resultante de dividir o importe anual do mesmo entre 274 por cada día de inasistencia.

O importe mensual do sobresoldo de asistencia se calculará dividindo o importe anual vixente en cada momento entre 11 mensualidades, salvo o caso no que dito sobresoldo se abone durante o mes de vacacións, en cuio caso o importe anual dividirase en 12 mensualidades.

**Artigo 16º.- Sobresoldo de Transporte.-** Os traballadores afectados por este Convenio percibirán durante cada un dos anos de vixencia do mesmo –e cos efectos retroactivos estipulados para cada anualidade– a cantidade mensual de sobresoldo de transporte que consta nas táboas salariais anexas ao presente Convenio, con independencia dos medios de transporte ou distancia que, en cada caso, existan entre o centro de traballo e o domicilio respectivo.

O importe mensual do sobresoldo de transporte se calculará dividindo o importe anual vixente en cada momento entre 11 mensualidades, salvo que dito sobresoldo se abone durante o mes de vacacións, en cuio caso o importe anual dividirase en 12 mensualidades.

**Artigo 17º.- Sobresoldo Tóxico, Penoso e Perigoso.-** En canto á regulación deste concepto e o seu aboamento, estarase ao disposto na Lexislación Xeral.

Os traballadores que realicen labores tóxicos, perigosos e penosos percibirán un incremento equivalente ao 20% do salario base da súa categoría; se estes labores se efectuaran soamente durante a metade da xornada ou en menos tempo, o plus será do 10%.

**Artigo 18º.- Sobresoldo de Traballo en Domingos e Festivos.-** Os traballadores percibirán por este concepto dende o 1 de outubro de 2016 a cantidade de 22 euros por cada domingo ou día festivo no que realicen xornada laboral, con independencia das demais retribucións que, segundo o presente Convenio, puideran corresponderlles.

O sobresoldo regulado no presente Artigo cobrarase na súa totalidade no caso de prestación de servizos a tempo completo en domingo ou festivo, aínda que o traballador con carácter xeral preste servizos na empresa a tempo parcial.

**Artigo 19º.- Sobresoldo de Nocturnidade.-** O incremento por traballo nocturno consistirá nun 25% do salario base.

O sobresoldo de nocturnidade se percibirá exclusivamente polas horas traballadas cando se traballe en período nocturno mais dunha hora sen exceder de catro horas; se as horas traballadas durante o período nocturno exceden de catro horas, o sobresoldo se aboará como se a totalidade da xornada se producira en dito período.

**Artigo 20º.- Antigüidade.-** Establécese un complemento persoal de antigüidade por cada período de tres anos de servizos prestados na mesma empresa.

O importe de cada trienio será para cada traballador dunha contía igual ao 4% do salario base.

A data inicial do cómputo da antigüidade será a do ingreso do traballador na empresa, e o importe de cada trienio comenizará a devengarse dende o primeiro día do mes seguinte ao seu vencemento.

Para o cómputo da antigüidade se terá en conta todo o tempo de servizo prestado na empresa computándose en todo caso o tempo de vacacións e licencias retribuídas, de incapacidade temporal, excedencia especial e maternidade.

O traballador que cese definitivamente na empresa e posteriormente reingrese de novo na mesma só terá dereito a que se lle compute a antigüidade dende a data do novo ingreso, perdendo todos os dereitos de antigüidade anteriormente obtidos.

**Artigo 21º.- Gratificacións Extraordinarias.-** Os traballadores terán dereito a dúas pagas extraordinarias, que serán percibidas o día laborable anterior ao 25 de xullo e 22 de decembro, respectivamente. As ditas pagas serán percibidas na contía de 30 días do salario base máis antigüidade.

Como norma xeral, o devengo das gratificacións extraordinarias previstas neste Artigo, así como a prevista no artigo seguinte, será anual. Non obstante, aquelas empresas que veñan empregando o devengo semestral, haberán de especificar nas nóminas relativas ás gratificacións extraordinarias o emprego de tal devengo.

O tempo que o traballador/a permaneza en situación de I.T. será tido en conta como tempo de traballo efectivo aos efectos de devengo das gratificacións.

**Artigo 22º.- Paga de Beneficios.-** A paga de beneficios será de 30 días.

Será percibida durante o primeiro trimestre do ano, de acordo con salario base, máis antigüidade vixente ao 31 de decembro do ano anterior.

O tempo en que o traballador/a permaneza en situación de I.T. será tido en conta como tempo de traballo efectivo en orden ao devengo da paga de beneficios.

**Artigo 23º.- Anticipos.-** Os traballadores afectados polo presente Convenio, terán dereito a anticipos a conta do seus salarios cunha antelación mínima de 48 horas á data de pagamento. A este respecto, a mesma queda establecida nos días 15 de cada mes.

**Artigo 24º.- Axudas de custo (dietas).-** Os desprazamentos a centros de traballo distintos do habitual e que non supoñan traslado devengarán a favor dos/as traballadores/as que os efectúen unha axuda de custo (dieta) diaria do 55% do salario base da súa categoría profesional se iso lles obriga a efectuar unha soa comida fóra do seu enderezo. Se tal circunstancia motiva efectuar dúas comidas fóra do enderezo o axuda de custo diaria será do 100% do salario base e, no suposto en que se efectúe comida e pernocta fora do enderezo a citada contía será do 150% do salario base.

**Artigo 25º.- Pagamento de Nómína.-** As empresas deberán aboar os salarios devengados no mes dentro dos catro primeiros días hábiles do mes seguinte.

**Artigo 26º.- Persoal de Xornada Limitada.-** Os traballadores contratados por xornada inferior á ordinaria do Sector, gozarán, como mínimo, de iguais salarios e demais percepcións económicas que os traballadores contratados a tempo completo, se ben na proporción correspondente á xornada que realicen.

Para os efectos de facilitar que os/as traballadores/as a xornada parcial que presten servizos nun centro de traballo no que se amplíe a xornada vexan incrementada a súa xornada laboral, a empresa non terá que recoñecer con respecto á nova xornada entón ampliada e, polo tanto, aboar, a antigüidade que os/as traballadores/as tiveran recoñecida polo resto da xornada.

Sen perxuízo do previsto no parágrafo anterior, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, cando se amplíe a xornada nun centro de traballo ou se produzan vacantes por calquera causa, terán dereito ao incremento da xornada laboral, antes de novas contratacións, os traballadores que presten servizos na empresa que non teñan xornada completa e estean interesados na ampliación. Para o caso de haber varios traballadores interesados se seguirá o seguinte orde de preferencia:

1. Traballadores do centro de traballo que tiveran sufrido reducións de xornada na empresa. No caso de haber neste colectivo máis dun traballador interesado na ampliación se seguirá a orde de maior antigüidade na empresa.
2. Traballadores da empresa que sufriran reducións de xornada na mesma no ano anterior á solicitude de ampliación. No caso de haber neste colectivo máis dun traballador interesado na ampliación se seguirá a orde de maior antigüidade na empresa.
3. Traballadores do centro de traballo por orde de maior antigüidade no centro. No caso de traballadores interesados ca mesma antigüidade no centro, se seguirá a orde de maior antigüidade na empresa.

Caberán excepcións ao réxime anterior cando existan razóns organizativas ou productivas xustificadas, tal é o caso da necesidade da empresa de recolocar traballadores pola amortización do seu posto de traballo.

Exclúense do dereito ao incremento da xornada regulado no presente artigo os traballadores que estean prestando servizos a tempo completo habida conta da súa prestación de servizos para unha ou varias empresas, neste o noutros sectores de actividade, ca única salvedade de traballadores que, estando en esta situación, renunciaren a parte da súa xornada en outro centro de traballo da mesma empresa na que teña lugar a ampliación ao fin de unificar xornadas nun centro de traballo.

Os traballadores contratados a tempo parcial terán, non obstante, os demais dereitos que a Lei e o presente Convenio recoñecen aos traballadores a tempo completo.

**Artigo 27º.- Vinculación á Totalidade.-** O presente Convenio constitúe un todo orgánico e indivisible, polo que os acordos contidos no mesmo unicamente teñen validez considerados conxuntamente. Se algunha das súas partes fora declarada sen efecto pola xurisdicción competente, deberá reconsiderarse o seu conxunto globalmente.

**Artigo 28º.- Complemento de I.T.-** Recóllense dous supostos:

a).- No caso de hospitalización, calquera que sexa a súa causa, o traballador, previa xustificación correspondente, percibirá o 100% do salario de Convenio máis antigüidade, mentres dure esta.

Así mesmo no caso de intervención cirúrxica con hospitalización mínima de 48 horas, o/a traballador/a percibirá no período de convalecencia cunha duración máxima de 120 días naturais un complemento ata o 100% do salario de Convenio máis antigüidade.

b).- O traballador que cause baixa por accidente laboral, incluído o accidente laboral *in itinere*, percibirá o 100% do salario de Convenio máis antigüidade, dende o primeiro día da baixa e mentres dure esta.

Aos efectos anteriores, enténdese por salario de Convenio o salario base por 455 días, a antigüidade e os demais complementos ou pluses previstos no Convenio agás o plus de transporte, elo con independencia do salarios reais do traballador.

#### **Artigo 29º.- Liquidación por cesamento**

1.- Cando o/a traballador/a cause baixa na empresa seralle aboada a liquidación de salarios que legalmente lle corresponda.

2.- Os traballadores que se xubilen voluntariamente antes de alcanzar a idade regulamentaria terán dereito ao disfrute de vacacións retribuídas nas seguintes duracións:

- Aos sesenta anos: 3 meses.
- Aos sesenta e un anos: 2 meses e medio.
- Aos sesenta e dous anos: 2 meses.
- Aos sesenta e tres anos: 1 mes e medio.
- Aos sesenta e catro anos: 1 mes.

O disfrute destas vacacións farase efectivo coa correspondente antelación ao seu cesamento efectivo, debendo o traballador comunicar de forma constatable a súa decisión á empresa. Esta faralle entrega ao traballador que solicite as vacacións dun certificado acreditativo do seu disfrute, no que constará o número de meses aos que ten dereito.

### **CAPITULO VI**

#### **Acción Sindical e Social**

**Artigo 30º.- Dereitos Sindicais.-** Estarase ao disposto no vixente Estatuto dos Traballadores e a Lei de Liberdade Sindical.

Os Delegados de Persoal, pertencentes a empresas afectadas polo presente Convenio, gozarán como mínimo, dun crédito de 15 horas sindicais mensuais retribuídas para todos os efectos. Non obstante, se as ditas horas foran insuficientes para cubrir dúas xornadas de traballo, ampliárase a licencia ás horas que comprenden estas dúas xornadas. Quedan excluídas destas horas as empregadas polos delegados de persoal para a asistencia á negociación colectiva deste Sector.

**Artigo 31º.- Xubilación parcial.-** As empresas e os traballadores poderán pactar, previa a existencia de común acordo, xubilacións parciais conforme ao disposto no artigo 215.2 da Lei de Seguridade Social e do Artigo 12.6º do Estatuto dos Traballadores, debendo as empresas substituír a xornada reducida simultaneamente á xubilación parcial, por outros traballadores contratados nas condicións previstas na normativa de aplicación.

Non obstante o anterior, recoñécese aos traballadores o dereito a pasar a situación de xubilación parcial coa redución máxima da xornada que a normativa permita en cada momento. Neste caso, o tanto por cento da xornada que subsista para o traballador parcialmente xubilado poderá acumularse pola empresa en xornadas completa nos meses inmediatamente posteriores ao acceso á xubilación parcial ou noutros períodos.

Exclúense do disposto no parágrafo anterior aqueles traballadores que ocupen postos de traballo que impliquen unha relación de especial confianza co empresario, tal é o caso de xefaturas, encargados, xerentes, etc. cuxo acceso á xubilación parcial requirirá en todo caso de común acordo entre empresa e traballador.

En todo caso o traballador interesado na xubilación parcial haberá de comunicalo á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data na que pretenda xubilarse parcialmente.

**Artigo 32º.- Conciliación da vida laboral e familiar.-** As partes asinantes do presente Convenio consideran esencial o fomento da armonización ou conciliación da vida familiar e laboral e promover a igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres.

**Maternidade.-** De conformidade co establecido na lexislación, no suposto de parto e nos supostos de adopción ou acollemento, a traballadora terá dereito a un descanso de 16 semanas ininterrompidas ampliables, no caso de parto múltiple, en 2 semanas mais por cada fillo a partir do segundo. Este descanso será distribuído pola interesada sempre que 6 semanas se disfruten inmediatamente despois do parto.

O descanso por maternidade poderá disfrutarse por parte da nai e do pai nos termos establecidos na lexislación.

Nos casos de partos prematuros con falta de peso e aqueloutros nos que o neonato precise, por algunha condición clínica, hospitalización a continuación do parto por un período superior a 7 días, o período de suspensión se ampliará en tantos días como o nacido se atope hospitalizado, cun máximo de 13 semanas adicionais.



No suposto de discapacidade do fillo ou do menor adoptado ou acollido, a suspensión do contrato terá unha duración adicional de dúas semanas.

**Paternidade.-** De conformidade co establecido na lexislación, no suposto de nacemento de fillo, adopción ou acollemento, o traballador terá dereito á suspensión do contrato de traballo durante 13 días ininterrompidos, ampliables no suposto de parto, adopción ou acollemento múltiples, en 2 días máis por cada fillo a partir do segundo. A duración desta suspensión será de catro semanas ininterrompidas dende o 1 de xaneiro de 2017.

**Redución da xornada por coidado de familiares.-** Quen, por razóns de garda legal, teña ao seu coidado directo algún menor de 12 anos ou unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial que non desempeñe unha actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario, entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.

Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

**Redución da xornada de traballadoras vítima de violencia de xénero.-** A traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da súa xornada de traballo coa diminución proporcional do salario e á reordenación do tempo de traballo ao través da adaptación do horario, a aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se empreguen na empresa.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

**Primeira.- Comisión Mixta Paritaria.-** Créase unha comisión mixta paritaria composta por membros conforme a representatividade das partes asinantes do Convenio, integrada, por unha banda, por 5 representantes das Asociacións Patronais asinantes do Convenio e, doutra banda, por 3 representantes da central sindical CIG, 1 representante da central sindical UGT e 1 representante da central sindical CC.OO.

A comisión mixta paritaria será o órgano de interpretación, conciliación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do Convenio e, como tal, terá as seguintes funcións:

- a) A vixilancia e seguimento do cumprimento do Convenio.
- b) A interpretación da totalidade dos preceptos do Convenio.
- c) A instancia de algunha das partes, a mediación e/ou conciliación en cantos conflitos de carácter colectivo se susciten na aplicación do Convenio.
- d) Entender, de xeito previo e obrigatorio á vía administrativa e xurisdiccional, sobre o prantexamento de conflitos colectivos que surxan pola aplicación e interpretación do Convenio.
- e) A intervención, nos termos que se expoñen no presente artigo, nos supostos de inaplicación das condicións de traballo previstas no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores.
- f) Cantas outras funcións tendan á maior eficacia práctica do presente Convenio ou se deriven do estipulado no seu texto.

As consultas ou peticións dirixidas á comisión paritaria se canalizarán ao través de calquera das organizacións integrantes da mesma, debendo poñerse de acordo as partes sobre o lugar, data e hora de celebración da reunión necesaria para atender a consulta ou petición e levantar acta do acordo ou desacordo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da consulta ou petición, salvo que os membros da comisión paritaria acorden por unanimidade a necesidade de contar cun prazo maior de resolución.

No caso de non acadarse acordo no seo da comisión paritaria, e de tratarse dun conflito colectivo, as partes someteranse ás modalidades de resolución de conflitos establecidas no AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais para a Solución de Conflitos Colectivos) nos termos contemplados no mesmo.

Nos supostos de inaplicación previstos no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, a comisión paritaria disporá dun prazo máximo de sete días para pronunciarse a contar dende que a discrepancia lle fora prantexada e, no caso de non acadarse acordo no seo da comisión paritaria, as partes someteranse ás modalidades de resolución de conflitos do AGA nos termos referidos no parágrafo anterior.

**Segunda.- Clasificación Profesional.-** Os traballadores que presten servizos nas empresas incluídas no ámbito de aplicación do presente Convenio serán clasificados en grupos profesionais en atención as súas aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación nos termos indicados nos artigos 26 e seguintes do Convenio Colectivo Sectorial de Limpeza de Edificios e Locais.

De conformidade co anterior, nas táboas salariais anexas ao presente Convenio se fai indicación expresa dos grupos profesionais aos que quedan adscritos os diferentes postos de traballo.

**Terceira.- Igualdade e non discriminación.-** Dentro das empresas os traballadores non poderán ser discriminados por razóns étnicas, de ideoloxía, xénero, afiliación política ou sindical.

Respectarase o principio de igualdade de acceso a todos os postos de traballo da empresa, tanto para homes como para mulleres, sen discriminación algunha.

As empresas virán obrigadas a respectar a igualdade de trato ou de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar e, no seu caso, acordar cos representantes legais dos traballadores no xeito que se determine a lexislación vixente.

En todo caso, en materia de igualdade de trato e oportunidades e en materia de medidas e planes de igualdade, estarase ao regulado no artigo 46 do Convenio Colectivo Sectorial de Limpeza de Edifícios e Locais.

Toda referencia que no presente Convenio se faga aos traballadores, ao persoal ou á plantilla das empresas se entenderá realizada aos traballadores e traballadoras das empresas sen distinción algunha.

**Cuarto.- Normas Subsidiarias.-** No non previsto neste Convenio, estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores, Convenio Sectorial Estatal de Limpeza de Edifícios e Locais e demais disposicións legais vixentes.

**Quinto.- Condicións máis Beneficiosas.-** Todas as condicións económicas e de calquera índole contidas no presente convenio, teñen o carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas ou situacións implantadas polas empresas que impliquen condicións máis beneficiosas para os traballadores con respecto ao presente Convenio, subsistirán para aqueles que as veñen gozando, sen que poida interpretarse sobre as chamadas condicións máis beneficiosas, que haxa de computarse a mellora económica que supón o presente Convenio, salvo que se pacte expresamente.

**Sexto.-** Ambas as dúas partes someten o acordado á posible negociación dun Convenio Colectivo de ámbito territorial de Galicia.

**Sétimo.- Formación Profesional.-** As partes signatarias acordan constituír unha Comisión Paritaria provincial sectorial de Formación Profesional, integrada por 5 representantes das centrais sindicais [3 CIG; 1 UGT; 1 CC.OO.] e un número igual de representantes das Asociacións Empresariais asinantes.

**Serán funcións desta Comisión:**

- Requirir das Administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de Formación Profesional con financiamento oficial que afectan ao sector de limpeza, co fin de colaborar tanto nos que estean en marcha, coma nos que se poden programar en adiante.
- Elaborar estudos sobre necesidades e requirimentos de Formación Profesional no sector para chegar a definir a organización e programación da mesma, tanto ocupacionalmente coma regulamentada (observatorio ocupacional).
- Elaborar plans formativos necesarios para conseguir a homologación das cualificacións profesionais de traballadores técnicos, administrativas e manuais, cos seus equivalentes na Comunidade Económica Europea con vistas á entrada en vigor do Mercado Único.
- Cantas outras funcións a Comisión se atribúa, orientadas ó desenvolvemento e mellora da Formación Profesional no sector na provincia de Lugo.

**Octavo.- Póliza de accidentes.-** As empresas afectadas por este Convenio Colectivo subscribirán pólizas de seguro colectivo en favor de todos e cada un dos traballadores por un capital de:

- Morte ou invalidez total: 23.000 euros.
- Invalidez absoluta ou grande invalidez: 24.000 euros.

As ditas continxencias deberán derivarse en calquera caso de Accidente laboral, incluído o accidente in itinere, ou Enfermidade Profesional, e as indemnizacións fixadas serán totalmente independentes daquelas que lles corresponden aos traballadores en virtude da lexislación laboral vixente.

Todos aqueles traballadores que realicen menos de 1/2 xornada terán como capitais asegurados o 50% dos expresados anteriormente.

**Noveno.- Cota sindical.-** Os traballadores poderán solicitar da empresa o desconto en nómina da cota sindical. Esta solicitude deberá realizarse por escrito no que conste a Central Sindical e o num. de conta bancaria da mesma onde a empresa teña que ingresar as cotas retidas aos seus afiliados.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

**Primeira: Normalización lingüística.-** As partes firmantes do Convenio comprométense a empregar o idioma galego como medio de expresión nas súas relacións laborais.

**Segunda: Atrasos.-** As empresas comprométense a pagar os atrasos xerados no prazo de dous meses dende a publicación deste Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No caso de extinción do contrato de traballo unha vez publicado o presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e antes de transcorrido o prazo de dous meses dende tal publicación, estabrecese a obrigação do abono dos atrasos que corresponda xuntamente coa liquidación de salarios á que haxa lugar.

**Terceira.-** Aos efectos de evitar retrasos na publicación do Convenio no futuro, as partes asinantes comprométense a constituír a Comisión Negociadora do próximo Convenio con tres meses de antelación ao remate da súa vixencia.

**Cuarta.-** En todas as materias sinaladas no apartado A do artigo 10.2 do Convenio Colectivo Sectorial de Limpeza de Edificios e Locais de ámbito estatal (BOE do 23/05/2013) cuxa regulación esté reservada de xeito exclusivo ao mesmo, será de aplicación a regulación recollida para cada unha de estas materias en dito Convenio de ámbito estatal. Non obstante, coa finalidade de garantir a máxima seguridade xurídica, se por calquera circunstancia a regulación de ditas materias deixase de estar reservada de xeito exclusivo ao citado Convenio Colectivo Sectorial de ámbito estatal, ou o mesmo perdese a súa vixencia, pasaría a aplicarse de xeito inmediato en ditas materias a regulación específica establecida para as mesmas no presente Convenio Provincial.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

**Única.-** As partes asinantes do presente Convenio comprométese a crear unha Comisión Técnica Paritaria co cometido de estudar e buscar fórmulas de consenso sen capacidade de decisión en orde á mellora da estrutura salarial do Convenio.

A parte empresarial sinala que, nesta análise, considera conveniente tratar de buscar un réxime alternativo ao complemento de antigüidade.

ANEXO I  
DOCUMENTO DE ADSCRIPCIÓN

Datos da empresa saínte

Nome e apellidos/razón social			
Nº S.S.		NIF/CIF	
Domicilio			

Datos do centro de traballo

Centro de traballo	
Domicilio	

Datos básicos do traballador/a

Nome e apellidos			
Nº Afil. S.S.		NIF	
Domicilio			
Data antigüedadade		Posto de traballo	

Outros datos relativos ao traballador/a

-Xornada de traballo-

Xornada semanal	horas	minutos	Horario	
-----------------	-------	---------	---------	--

-Vacacións-

Nº días xa disfrutados	
------------------------	--

-Días asuntos propios-

Nº días xa disfrutados	
------------------------	--

-Circunstancias especiais-

Xubilación Parcial <input type="checkbox"/>	Reducción Xornada <input type="checkbox"/>	Excedencia <input type="checkbox"/>	Interinidade <input type="checkbox"/>
Situación de IT <input type="checkbox"/>	Outros <input type="checkbox"/>	(especificar)	

Observacións

--

Empresa Saínte

**ANEXO II.- TÁBOA 2015**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO BASE MES/DÍA	SOLDO BASE ANUAL	PAGAS EXTRA	PLUS TRANSP.	PLUS ASISTENCIA	TOTAL DEVENGADO
-----------------------	--------------------	------------------	-------------	--------------	-----------------	-----------------

**Grupo I.- Subgrupo 1º.- PERSOAL DIRECTIVO**

Director	1.092,36	13.108,32	3.277,08	330,00	1.335,40	18.050,80
Director Comercial	1.040,82	12.489,84	3.122,46	330,00	1.335,40	17.277,70
Director Administrativo	1.040,82	12.489,84	3.122,46	330,00	1.335,40	17.277,70
Xefe de Persoal	1.040,82	12.489,84	3.122,46	330,00	1.335,40	17.277,70
Xefe de Compras	1.040,82	12.489,84	3.122,46	330,00	1.335,40	17.277,70
Xefe de Servicios	1.040,82	12.489,84	3.122,46	330,00	1.335,40	17.277,70

**Grupo I.- Subgrupo 2º.- PERSOAL TITULADO**

Titulado Grao Superior	935,95	11.231,40	2.807,85	330,00	1.335,40	15.704,65
Titulado Grao Medio	904,65	10.855,80	2.713,95	330,00	1.335,40	15.235,15
Titulado laboral ou profesional	822,13	9.865,56	2.466,39	330,00	1.335,40	13.997,35

**Grupo II.- PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Xefe Administrativo 1º	902,94	10.835,28	2.708,82	330,00	1.335,40	15.209,50
Xefe Administrativo 2º	888,99	10.667,88	2.666,97	330,00	1.335,40	15.000,25
Caixeiro	855,44	10.265,28	2.566,32	330,00	1.335,40	14.497,00
Oficial de 1ª	837,46	10.049,52	2.512,38	330,00	1.335,40	14.227,30
Oficial de 2ª	803,87	9.646,44	2.411,61	330,00	1.335,40	13.723,45
Auxiliar	770,84	9.250,08	2.312,52	330,00	1.335,40	13.228,00
Telefonista	719,27	8.631,24	2.157,81	330,00	1.335,40	12.454,45
Aspirante (mais novo de 18 anos)	667,71	8.012,52	2.003,13	330,00	1.335,40	11.681,05
Cobrador	719,27	8.631,24	2.157,81	330,00	1.335,40	12.454,45

**Grupo III.- PERSOAL MANDOS INTERMEDIOS**

Encargado Xeral	881,44	10.577,28	2.644,32	330,00	1.335,40	14.887,00
Supervisor/Encargado de Zoa	855,44	10.265,28	2.566,32	330,00	1.335,40	14.497,00
Supervisor/Encargado de Sector	828,75	9.945,00	2.486,25	330,00	1.335,40	14.096,65

Encargado de Grupo ou Edificio	25,07	9.150,55	2.256,30	330,00	1.335,40	13.072,25
Responsable de Equipo	24,11	8.800,15	2.169,90	330,00	1.335,40	12.635,45

**Grupo IV.- PERSOAL SUBALTERNO**

Ordeanza	710,59	8.527,08	2.131,77	330,00	1.335,40	12.324,25
Almacenero	710,59	8.527,08	2.131,77	330,00	1.335,40	12.324,25
Listeiro	710,59	8.527,08	2.131,77	330,00	1.335,40	12.324,25
Vixiante	710,59	8.527,08	2.131,77	330,00	1.335,40	12.324,25
Botóns (mais novo de 18 anos)	652,65	7.831,80	1.957,95	330,00	1.335,40	11.455,15

**Grupo V.- PERSOAL OBREIRO**

Especialista	26,35	9.617,75	2.371,50	330,00	1.335,40	13.654,65
Peón Especializado	24,68	9.008,20	2.221,20	330,00	1.335,40	12.894,80
Limpiador/limpadora	23,68	8.643,20	2.131,20	330,00	1.335,40	12.439,80
Conductor/limpiador	27,02	9.862,30	2.431,80	330,00	1.335,40	13.959,50

**Grupo VI.- PERSOAL OFICIOS VARIOS**

Oficial	26,35	9.617,75	2.371,50	330,00	1.335,40	13.654,65
Axudante	24,68	9.008,20	2.221,20	330,00	1.335,40	12.894,80
Peón	23,68	8.643,20	2.131,20	330,00	1.335,40	12.439,80
Aprendiz (mais novo de 18 anos)	22,30	8.139,50	2.007,00	330,00	1.335,40	11.811,90

**ANEXO III.- TÁBOA 2016 (efectos dende o 01/10/2016)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO BASE MES/DÍA	SOLDO BASE ANUAL	PAGAS EXTRA	PLUS TRANSP.	PLUS ASISTENCIA	TOTAL DEVENGADO
-----------------------	--------------------	------------------	-------------	--------------	-----------------	-----------------

**Grupo I.- Subgrupo 1º.- PERSOAL DIRECTIVO**

Director	1.097,55	13.170,60	3.292,65	333,08	1.344,75	18.141,08
Director Comercial	1.045,75	12.549,00	3.137,25	333,08	1.344,75	17.364,08
Director Administrativo	1.045,75	12.549,00	3.137,25	333,08	1.344,75	17.364,08
Xefe de Persoal	1.045,75	12.549,00	3.137,25	333,08	1.344,75	17.364,08
Xefe de Compras	1.045,75	12.549,00	3.137,25	333,08	1.344,75	17.364,08
Xefe de Servicios	1.045,75	12.549,00	3.137,25	333,08	1.344,75	17.364,08

**Grupo I.- Subgrupo 2º.- PERSOAL TITULADO**

Titulado Grao Superior	940,36	11.284,32	2.821,08	333,08	1.344,75	15.783,23
Titulado Grao Medio	908,90	10.906,80	2.726,70	333,08	1.344,75	15.311,33
Titulado laboral ou profesional	825,97	9.911,64	2.477,91	333,08	1.344,75	14.067,38

**Grupo II.- PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Xefe Administrativo 1º	907,18	10.886,16	2.721,54	333,08	1.344,75	15.285,53
Xefe Administrativo 2º	893,16	10.717,92	2.679,48	333,08	1.344,75	15.075,23
Caixeiro	859,44	10.313,28	2.578,32	333,08	1.344,75	14.569,43
Oficial de 1ª	841,37	10.096,44	2.524,11	333,08	1.344,75	14.298,38
Oficial de 2ª	807,62	9.691,44	2.422,86	333,08	1.344,75	13.792,13
Auxiliar	774,42	9.293,04	2.323,26	333,08	1.344,75	13.294,13
Telefonista	722,59	8.671,08	2.167,77	333,08	1.344,75	12.516,68
Aspirante (mais novo de 18 anos)	670,78	8.049,36	2.012,34	333,08	1.344,75	11.739,53
Cobrador	722,59	8.671,08	2.167,77	333,08	1.344,75	12.516,68

**Grupo III.- PERSOAL MANDOS INTERMEDIOS**

Encargado Xeral	885,57	10.626,84	2.656,71	333,08	1.344,75	14.961,38
Supervisor/Encargado de Zoa	859,44	10.313,28	2.578,32	333,08	1.344,75	14.569,43
Supervisor/Encargado de Sector	832,62	9.991,44	2.497,86	333,08	1.344,75	14.167,13
Encargado de Grupo ou Edificio	25,19	9.194,35	2.267,10	333,08	1.344,75	13.139,28
Responsable de Equipo	24,22	8.840,30	2.179,80	333,08	1.344,75	12.697,93

**Grupo IV.- PERSOAL SUBALTERNO**

Ordeanza	713,87	8.566,44	2.141,61	333,08	1.344,75	12.385,88
Almacenero	713,87	8.566,44	2.141,61	333,08	1.344,75	12.385,88
Listeiro	713,87	8.566,44	2.141,61	333,08	1.344,75	12.385,88
Vixiante	713,87	8.566,44	2.141,61	333,08	1.344,75	12.385,88
Botóns (mais novo de 18 anos)	655,64	7.867,68	1.966,92	333,08	1.344,75	11.512,43

**Grupo V.- PERSOAL OBREIRO**

Especialista	26,47	9.661,55	2.382,30	333,08	1.344,75	13.721,68
Peón Especializado	24,79	9.048,35	2.231,10	333,08	1.344,75	12.957,28
Limpiador/limpadora	23,79	8.683,35	2.141,10	333,08	1.344,75	12.502,28
Conductor/limpiador	27,15	9.909,75	2.443,50	333,08	1.344,75	14.031,08

**Grupo VI.- PERSOAL OFICIOS VARIOS**

Oficial	26,47	9.661,55	2.382,30	333,08	1.344,75	13.721,68
Axudante	24,79	9.048,35	2.231,10	333,08	1.344,75	12.957,28
Peón	23,79	8.683,35	2.141,10	333,08	1.344,75	12.502,28
Aprendiz (mais novo de 18 anos)	22,40	8.176,00	2.016,00	333,08	1.344,75	11.869,83

**ANEXO IV.- TÁBOA 2017 (efectos dende o 01/01/2017)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO BASE MES/DÍA	SOLDO BASE ANUAL	PAGAS EXTRA	PLUS TRANSP.	PLUS ASISTENCIA	TOTAL DEVENGADO
-----------------------	--------------------	------------------	-------------	--------------	-----------------	-----------------

**Grupo I.- Subgrupo 1º.- PERSOAL DIRECTIVO**

Director	1.110,58	13.326,96	3.331,74	340,89	1.368,18	18.367,77
Director Comercial	1.058,14	12.697,68	3.174,42	340,89	1.368,18	17.581,17
Director Administrativo	1.058,14	12.697,68	3.174,42	340,89	1.368,18	17.581,17
Xefe de Persoal	1.058,14	12.697,68	3.174,42	340,89	1.368,18	17.581,17
Xefe de Compras	1.058,14	12.697,68	3.174,42	340,89	1.368,18	17.581,17
Xefe de Servicios	1.058,14	12.697,68	3.174,42	340,89	1.368,18	17.581,17

**Grupo I.- Subgrupo 2º.- PERSOAL TITULADO**

Titulado Grao Superior	951,43	11.417,16	2.854,29	340,89	1.368,18	15.980,52
Titulado Grao Medio	919,58	11.034,96	2.758,74	340,89	1.368,18	15.502,77
Titulado laboral ou profesional	835,61	10.027,32	2.506,83	340,89	1.368,18	14.243,22

**Grupo II.- PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Xefe Administrativo 1º	917,84	11.014,08	2.753,52	340,89	1.368,18	15.476,67
Xefe Administrativo 2º	903,64	10.843,68	2.710,92	340,89	1.368,18	15.263,67
Caixeiro	869,50	10.434,00	2.608,50	340,89	1.368,18	14.751,57
Oficial de 1ª	851,20	10.214,40	2.553,60	340,89	1.368,18	14.477,07



Oficial de 2ª	817,03	9.804,36	2.451,09	340,89	1.368,18	13.964,52
Auxiliar	783,42	9.401,04	2.350,26	340,89	1.368,18	13.460,37
Telefonista	730,94	8.771,28	2.192,82	340,89	1.368,18	12.673,17
Aspirante (mais novo de 18 anos)	678,48	8.141,76	2.035,44	340,89	1.368,18	11.886,27
Cobrador	730,94	8.771,28	2.192,82	340,89	1.368,18	12.673,17

**Grupo III.- PERSOAL MANDOS INTERMEDIOS**

Encargado Xeral	895,96	10.751,52	2.687,88	340,89	1.368,18	15.148,47
Supervisor/Encargado de Zoa	869,50	10.434,00	2.608,50	340,89	1.368,18	14.751,57
Supervisor/Encargado de Sector	842,34	10.108,08	2.527,02	340,89	1.368,18	14.344,17
Encargado de Grupo ou Edificio	25,48	9.300,20	2.293,20	340,89	1.368,18	13.302,47
Responsable de Equipo	24,50	8.942,50	2.205,00	340,89	1.368,18	12.856,57

**Grupo IV.- PERSOAL SUBALTERNO**

Ordeanza	722,11	8.665,32	2.166,33	340,89	1.368,18	12.540,72
Almacenero	722,11	8.665,32	2.166,33	340,89	1.368,18	12.540,72
Listeiro	722,11	8.665,32	2.166,33	340,89	1.368,18	12.540,72
Vixiante	722,11	8.665,32	2.166,33	340,89	1.368,18	12.540,72
Botóns (mais novo de 18 anos)	663,15	7.957,80	1.989,45	340,89	1.368,18	11.656,32

**Grupo V.- PERSOAL OBREIRO**

Especialista	26,78	9.774,70	2.410,20	340,89	1.368,18	13.893,97
Peón Especializado	25,08	9.154,20	2.257,20	340,89	1.368,18	13.120,47
Limpiador/limpadora	24,06	8.781,90	2.165,40	340,89	1.368,18	12.656,37
Conductor/limpiador	27,47	10.026,55	2.472,30	340,89	1.368,18	14.207,92

**Grupo VI.- PERSOAL OFICIOS VARIOS**

Oficial	26,78	9.774,70	2.410,20	340,89	1.368,18	13.893,97
Axudante	25,08	9.154,20	2.257,20	340,89	1.368,18	13.120,47
Peón	24,06	8.781,90	2.165,40	340,89	1.368,18	12.656,37
Aprendiz (mais novo de 18 anos)	22,66	8.270,90	2.039,40	340,89	1.368,18	12.019,37

**ANEXO V.- TÁBOA 2018 (efectos dende o 01/01/2018)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO BASE MES/DÍA	SOLDO BASE ANUAL	PAGAS EXTRA	PLUS TRANSP.	PLUS ASISTENCIA	TOTAL DEVENGADO
-----------------------	-----------------------	---------------------	----------------	-----------------	--------------------	--------------------

**Grupo I.- Subgrupo 1º.- PERSOAL DIRECTIVO**

Director	1.129,05	13.548,60	3.387,15	352,00	1.401,40	18.689,15
Director Comercial	1.075,70	12.908,40	3.227,10	352,00	1.401,40	17.888,90
Director Administrativo	1.075,70	12.908,40	3.227,10	352,00	1.401,40	17.888,90
Xefe de Persoal	1.075,70	12.908,40	3.227,10	352,00	1.401,40	17.888,90
Xefe de Compras	1.075,70	12.908,40	3.227,10	352,00	1.401,40	17.888,90
Xefe de Servizos	1.075,70	12.908,40	3.227,10	352,00	1.401,40	17.888,90

**Grupo I.- Subgrupo 2º.- PERSOAL TITULADO**

Titulado Grao Superior	967,12	11.605,44	2.901,36	352,00	1.401,40	16.260,20
Titulado Grao Medio	934,71	11.216,52	2.804,13	352,00	1.401,40	15.774,05
Titulado laboral ou profesional	849,27	10.191,24	2.547,81	352,00	1.401,40	14.492,45

**Grupo II.- PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Xefe Administrativo 1º	932,94	11.195,28	2.798,82	352,00	1.401,40	15.747,50
Xefe Administrativo 2º	918,49	11.021,88	2.755,47	352,00	1.401,40	15.530,75
Caixeiro	883,75	10.605,00	2.651,25	352,00	1.401,40	15.009,65
Oficial de 1ª	865,13	10.381,56	2.595,39	352,00	1.401,40	14.730,35
Oficial de 2ª	830,37	9.964,44	2.491,11	352,00	1.401,40	14.208,95
Auxiliar	796,17	9.554,04	2.388,51	352,00	1.401,40	13.695,95
Telefonista	742,77	8.913,24	2.228,31	352,00	1.401,40	12.894,95
Aspirante (mais novo de 18 anos)	689,39	8.272,68	2.068,17	352,00	1.401,40	12.094,25
Cobrador	742,77	8.913,24	2.228,31	352,00	1.401,40	12.894,95

**Grupo III.- PERSOAL MANDOS INTERMEDIOS**

Encargado Xeral	910,68	10.928,16	2.732,04	352,00	1.401,40	15.413,60
Supervisor/Encargado de Zoa	883,75	10.605,00	2.651,25	352,00	1.401,40	15.009,65
Supervisor/Encargado de Sector	856,12	10.273,44	2.568,36	352,00	1.401,40	14.595,20

Encargado de Grupo ou Edificio	25,89	9.449,85	2.330,10	352,00	1.401,40	13.533,35
Responsable de Equipo	24,90	9.088,50	2.241,00	352,00	1.401,40	13.082,90

**Grupo IV.- PERSOAL SUBALTERNO**

Ordeanza	733,79	8.805,48	2.201,37	352,00	1.401,40	12.760,25
Almacenero	733,79	8.805,48	2.201,37	352,00	1.401,40	12.760,25
Listeiro	733,79	8.805,48	2.201,37	352,00	1.401,40	12.760,25
Vixiante	733,79	8.805,48	2.201,37	352,00	1.401,40	12.760,25
Botóns (mais novo de 18 anos)	673,79	8.085,48	2.021,37	352,00	1.401,40	11.860,25

**Grupo V.- PERSOAL OBREIRO**

Especialista	27,22	9.935,30	2.449,80	352,00	1.401,40	14.138,50
Peón Especializado	25,49	9.303,85	2.294,10	352,00	1.401,40	13.351,35
Limpiador/limpadora	24,45	8.924,25	2.200,50	352,00	1.401,40	12.878,15
Conductor/limpiador	27,92	10.190,80	2.512,80	352,00	1.401,40	14.457,00

**Grupo VI.- PERSOAL OFICIOS VARIOS**

Oficial	27,22	9.935,30	2.449,80	352,00	1.401,40	14.138,50
Axudante	25,49	9.303,85	2.294,10	352,00	1.401,40	13.351,35
Peón	24,45	8.924,25	2.200,50	352,00	1.401,40	12.878,15
Aprendiz (mais novo de 18 anos)	23,02	8.402,30	2.071,80	352,00	1.401,40	12.227,50

R. 3422

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***ADXUDICACION DE CONTRATO**

CONTRATACIÓN OBRA: **O CORGO.- Variante LU-P- 1602 De San Cristobal, por Aday, á LU106 P.K. 1+540-3+200**

Entidade adxudicadora:

- Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- Nº de expediente: (EX 009 OB 17 AB)
- Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato: **O CORGO.- Variante LU-P- 1602 De San Cristobal, por Aday, á LU106 P.K. 1+540-3+200**

- Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto:

CPV: 45233223-8 Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 184 do 11 de agosto de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 380.826,45 euros. IVE (21%) 79.973,55 euros. Importe total: 460.800,00 euros.

- a) Data de adxudicación: 10 de novembro de 2017
- b) Contratista: Francisco Gómez y Cia SL.
- c) Importe neto: 266.094,00 € e 55.879,74 € de IVE,. Importe total: 321.973,74 €
- d) Plan de Comunicación: 6.004,00 € e 1.260,84 € de IVE
- e) Prazo de execución: 6 MESES

Lugo, a 14 de novembro de 2017 .O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 3424

---

### *Anuncio*

#### **ADXUDICACION DE CONTRATO**

CONTRATACIÓN OBRA: SARRIA.- REHABILACION DE FIRME LU-P- 5705 DE MAZADOIRO, POR ESCARLAN, A S. MARTIN DE TORRE, P.K. 0+000 AO 6+500

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: (EX 007 OB 17 AB)
- d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato : SARRIA.- REHABILACION DE FIRME LU-P- 5705 DE MAZADOIRO, POR ESCARLAN, A S. MARTIN DE TORRE, P.K. 0+000 AO 6+500

- a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto:

CPV: 45233223-8 Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 189 do 18 de agosto de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 268.462,81 euros. IVE (21%) 56.377,19 euros. Importe total: 324.840,00 euros.

- a) Data de adxudicación: 10 de novembro de 2017
- b) Contratista: Construcciones Taboada y Ramos SL.
- c) Importe neto: 182.152,02 € e 38.251,92 € de IVE,. Importe total: 220.403,94 €
- d) Melloras de obra: 800 toneladas de MBQ coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP.
- e) Plan de Comunicación: 5.000,00 € e 1.050,00 € de IVE

f) Prazo de execución: 3 MESES

Lugo, a 14 de novembro de 2017 .O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 3425

## CONCELLOS

### BARALLA

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 27 de setembro de 2017, o Concello aprobou inicialmente a Ordenanza de administración electrónica do Concello de Baralla.

O acordo da súa aprobación expúxose ao público no BOP número 236 de data 14 de outubro de 2017, sen que se presentara ningunha reclamación durante o prazo de exposición, polo que a devandita Ordenanza modificada considérase definitivamente aprobada de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e publicarase no Boletín Oficial da Provincial o seu texto íntegro.

#### **ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BARALLA**

##### **CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

###### **ARTIGO 1. Obxecto**

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico aos servizos públicos municipais.

###### **ARTIGO 2. Ámbito de aplicación**

Esta Ordenanza será de aplicación ao Concello de Baralla e ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste, e aos cidadáns nas súas relacións coa Administración municipal.

##### **CAPÍTULO II. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN**

###### **ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación**

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os interesados poderán **identificarse** electrónicamente ante a Administración municipal a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán admitidos, os sistemas seguintes:

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».
- c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a Administración municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Os interesados poderán **asinar** a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

No caso de que os interesados optasen por relacionarse coa Administración municipal a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de sinatura.

- a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.
- b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

- c) Calquera outro sistema que a Administración municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo, será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma para:

### **CAPÍTULO III. SEDE ELECTRÓNICA**

#### **ARTIGO 4. Sede electrónica**

A sede electrónica do Concello, está dispoñible na dirección URL <http://baralla.sedelectronica.es>

A titularidade da sede electrónica corresponderá ao Concello de Baralla.

A sede electrónica estará suxeita aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e intemporalidade.

A sede electrónica utilizará para identificarse e garantir unha comunicación segura, certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente.

A sede electrónica deberá ser accesíbel aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

A efectos do disposto neste artigo, a Administración Local poderá subscribir os oportunos convenios con outras administracións públicas para concertar a xestión, explotación e aloxamento externo da sede electrónica municipal, sen menoscabo da responsabilidade última sobre a mesma que recaerá sempre no propio Concello.

#### **ARTIGO 5. Catálogo de procedementos**

Tal e como establece artigo 53.1 f) da citada Lei 39/2015, o interesado ten, entre outros, o dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

Neste mesmo sentido, o artigo 16.1 tamén da Lei 39/2015, establece que na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

A estes efectos, o Concello de Baralla fará público e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións na sede electrónica.

#### **ARTIGO 6. Contido da sede electrónica**

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- a) A identificación do órgano titular da sede e dos responsables da súa xestión e dos servizos postos a disposición da mesma e no seu caso, das subsedes dela derivadas.
- b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.
- c) Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.
- d) Relación de sistemas de firma electrónica que, conforme sexan admitidos ou utilizados en sede.
- e) A relación de selos electrónicos utilizados polo Concello de Baralla, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como o sistema de verificación dos mesmos.
- f) Un acceso ao rexistro electrónico e á disposición de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.
- g) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
- h) O Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.
- i) A relación dos medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar no exercicio do seu dereito a comunicarse coa Administración municipal.
- j) Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.
- k) O acceso, no seu caso, ao estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.

l) A comprobación da autenticidade e integridad dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que foran autenticados mediante código seguro de verificación.

m) A indicación da data e hora oficial.

n) O calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.

o) Publicaranse os días e o horario no que deban permanecer abertas as oficinas que prestarán asistencia para a presentación electrónica de documentos, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.

p) Directorio xeográfico actualizado que permita ao interesado identificar a oficina de asistencia en materia de rexistros máis próxima ao seu domicilio.

q) Códigos de identificación vixentes relativos aos órganos, centros ou unidades administrativas.

#### **ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico**

A sede electrónica terá un taboleiro de edictos electrónico onde se publicarán os actos e comunicacións que por disposición legal e regulamentaria así se determinen.

O Concello garantirá mediante os instrumentos técnicos pertinentes o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos co fin de asegurar a constatación da mesma a efectos de cálculos de prazos.

Os actos e comunicacións que, en virtude de procedemento administrativo, norma xurídica ou resolución xudicial, deban publicarse en taboleiro de anuncios ou edictos, publicaranse tamén na sede electrónica municipal. Nos casos en que se considere oportuno e legalmente posible, a publicación en taboleiro de anuncios ou edictos poderá ser substituída pola publicación na sede electrónica Local, advertíndose diso no espazo físico actualmente destinado a Taboleiro de Anuncios.

O taboleiro de anuncios electrónico poderase consultar, a través da sede electrónica do Concello. En todo caso, garántese o acceso de toda a cidadanía e a axuda necesaria para a súa consulta efectiva, non requiríndose ningún mecanismo especial de acreditación da identidade do cidadán salvo nos casos en que, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, preténdase o acceso ao contido íntegro dun acto publicado someramente no taboleiro de anuncios electrónico, por parte de quen acrediten interese lexítimo no coñecemento do mesmo.

O taboleiro de anuncios electrónico estará dispoñible na sede electrónica xeral da Administración Local as 24 horas do día, todos os días do ano. Cando por razóns técnicas prevéxase que o taboleiro de edictos electrónico pode non estar operativo, informarase diso aos usuarios coa máxima antelación posible, indicando cales son os medios alternativos de consulta do taboleiro que estean dispoñibles.

O taboleiro de edictos electrónico disporá dos sistemas e mecanismos que garantan a autenticidade, a integridade e a conservación do seu contido, nos termos previstos na Lei 39/2015, en especial, aos efectos do cómputo dos prazos que correspondan establecerase o mecanismo que garanta a constatación da data e hora de publicación dos edictos.

#### **ARTIGO 8. Publicidade activa**

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo iso de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

- Información institucional, organizativa, e de planificación.
- Información de relevancia xurídica, isto é normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

#### **ARTIGO 9. Perfil de contratante**

Desde a sede electrónica accederase ao perfil de contratante do Concello, cuxo contido se axustará ao disposto na normativa de contratación.

### **CAPÍTULO IV. REXISTRO ELECTRÓNICO**

#### **10. Funcionamento do rexistro electrónico**

Mediante esta Ordenanza determínase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións que haberán de observarse na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na presente Ordenanza e, no non previsto por éstos, na normativa de Dereito Administrativo que lle sexa de aplicación.

**ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico**

Este Concello dispón dun rexistro electrónico xeneral no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

**ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico**

O rexistro electrónico do Concello de Baralla cumprirá as seguintes funcións:

- a) A recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.
- b) A expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación de ditos escritos, solicitudes e comunicacións.
- c) A remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.
- d) Calquera outras que se lle atribúan legal ou reglamentariamente.

**ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico**

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderá á Alcaldía do Concello de Baralla.

**ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico**

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste Concello situada na seguinte dirección URL: <http://baralla.sedelectronica.es>

**ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións**

Os documentos presentados de maneira presencial ante esta Administración, deberán ser dixitalizados, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 39/2015 e demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que sexan presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo daqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

O Rexistro Electrónico rexerese pola data e hora oficial da Sede Electrónica.

O Rexistro Electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter data e hora de presentación, número de entrada do rexistro e relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá porse en coñecemento do usuario.

**ARTIGO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicacións**

A Administración Municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

- a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar á integridade ou a seguridade do sistema.
- b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando teña incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentadas no rexistro electrónico deberán ser lexibles e non defectuosos, podéndose utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste Concello.

Nestes casos, informarase diso ao remitente do documento, con indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando iso fose posible, dos medios de subsanación de tales deficiencias. Cando o interesado solicite, remitirase xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias do rexeitamento.

**ARTIGO 17. Cómputo dos prazos**

O rexistro electrónico rexerese, a efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administracións Públicas, pola data e a hora oficial da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O rexistro electrónico estará a disposición dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.



Aos efectos de cómputo de prazos haberá que estar ao seguinte:

— Cando os prazos se sinalen por horas enténdese que estas son hábiles. Serán hábiles tódalas horas do día que formen parte dun día hábil.

Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto dende a hora e minuto en que teña lugar o acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, en cuxo caso expresaranse en días.

— Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que éstos son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

— A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles entenderanse efectuadas na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para iso, no asento de entrada inscribíranse como data e hora da presentación aquelas en as que se produciu efectivamente a recepción, constando como data e hora de entrada a primeira hora do primeiro día hábil seguinte.

— A entrada do solicitudes entenderanse recibidas no prazo establecido se si iníciase a transmisión dentro do mesmo día e finalízase con éxito. A efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

— Non se dará saída, a través do rexistro electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.

— Considéranse días inhábiles, a efectos do rexistro electrónico da Administración Municipal, os sábados, domingos e os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e polos da capitalidade do municipio. A estes efectos, poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

## **CAPÍTULO V. Notificacións electrónicas**

### **ARTIGO 18. Condicións xerais das notificacións**

As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Non obstante o anterior, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos nos seguintes supostos:

a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese intre.

b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.

Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta a disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma. A acreditación da notificación efectuada incorporárase ao expediente.

Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán decidir e comunicar en calquera intre á Administración Pública, mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto, que as notificacións sucesivas practíquense ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

O interesado poderá asemade, durante a tramitación do procedemento, modificar a maneira de comunicarse coa Administración Municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revogando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, en cuio caso caso deberá comunicalo ao órgano competente e sinalar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respectou das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte á súa recepción no rexistro do órgano competente.

### **ARTIGO 19. Práctica das notificacións electrónicas**

A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica.

A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte do interesado debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica da Administración Municipal.

Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, requirírase que reúna as seguintes condicións:

— Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá dito acceso.

— O sistema de información correspondente deixará constancia de dito acceso con indicación de data e hora, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais.

O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta a disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

#### **ARTIGO 21. Facturas electrónicas**

Administración Local e os seus organismos públicos admitirán a presentación, por medios electrónicos, de facturas emitidas por terceiros respecto de servizos que lles foron prestados, cando lles conste a autenticidade do emisor e do documento e cumpra as demais condicións establecidas pola normativa correspondente. Se non constase a veracidade do emisor ou do documento, requirirán a mesma ao emisor para que a acredite polos medios que a Administración estime oportunos.

Todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos ao Concello de Baralla poderán expedir e remitir factura electrónica.

Estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as entidades recollidas no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa excepción das facturas cuxo importe (IVE engadido) sexa de ata 5.000,00 euros, as cales se exclúen da obriga de facturación electrónica.

O Concello de Baralla admitirá a presentación das facturas electrónicas a través do punto xeral de entrada que corresponda, sempre que as mesmas cumpran cos requisitos establecidos na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e a súa normativa de desenvolvemento.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Seguridade**

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

O Pleno do Concello aprobará a súa política de seguridade co contido mínimo establecido no artigo 11 do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

Deberase dar publicidade nas correspondentes sedes electrónicas ás declaracións de conformidade e aos distintivos de seguridade dos que se dispoña.

Deberase realizar unha auditoría regular ordinaria polo menos cada dous anos. Cada vez que se produzan modificacións substanciais no sistema de información que poidan repercutir nas medidas de seguridade requiridas, deberase realizar unha auditoría con carácter extraordinario, que determinará a data de cómputo para o cálculo dos dous anos. O informe de auditoría terá o contido establecido no artigo 34.5 do Esquema Nacional de Seguridade.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Protección de datos**

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación desenvolveranse de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Portelo único da Directiva de Servizos**

O Concello garantirá, dentro do ámbito das súas competencias, que os prestadores de servizos poidan obter a información e formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio a través do Portelo Único da Directiva de Servizos ([www.eugo.es](http://www.eugo.es)), así como coñecer as resolucións e resto de comunicacións das autoridades competentes en relación coas súas solicitudes. Con ese obxecto, o Concello impulsará a coordinación para a normalización dos formularios necesarios para o acceso a unha actividade e o seu exercicio.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Habilitación de desenvolvemento**

Habilitase á Alcaldía para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA Aplicación das previsións contidas nesta Ordenanza**

As previsións contidas nesta Ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada momento, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando as mesmas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

**DISPOSICION DERROGATORIA.**

Esta ordenanza, derroga a ordenanza reguladora da administración electrónica publicada no BOP núm. 77, de 5 de abril de 2011.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Incorporación de trámites e procedementos á administración electrónica**

O Concello incorporará progresivamente os trámites e procedementos administrativos municipais á tramitación por vía electrónica, conforme ao procedemento de incorporación e aos principios xerais de actuación previstos nesta ordenanza e na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de 1 de outubro.

En todo caso incorporación haberá de producirse antes da entrada en vigor da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de 1 de outubro, no que concirne ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Procedementos en tramitación**

Esta ordenanza non se aplicará aos procedementos iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor, os cales se rexerán pola normativa anterior

**DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor**

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o acordo de aprobación definitiva da presente ordenanza, interpoñerase recurso contencioso administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Baralla, 15 de novembro de 2017.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 3426

**BURELA***Anuncio***Expediente nº: 2213/2017****LISTAXE DE COBRAMENTO S.A.F. OUTUBRO 2017.**

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2017 a Listaxe de cobramento por aplicación do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrencia e dependentes), correspondente ao mes de outubro de 2017, que no seu importe total ascende á suma de 7.025,57 €.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 14 de novembro de 2017.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 3427

**GUITIRIZ***Anuncio*

Faíse público que por acordo da xunta de goberno local de 20 de setembro de 2017 se adjudicou o contrato de "Servizo de actividades docentes na escola municipal de música do Concello de Guitiriz 2017-2019" e formalizouse o contrato administrativo o 25 de setembro de 2017.

**1.- Entidade adjudicadora**

a) Organismo : Concello de Guitiriz.

- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- d) Localidade e código postal: 27300 Guitiriz (LUGO)
- e) Teléfono: 982370109
- f) Fax : 982372178
- g) correo electrónico: info@concellodeguitiriz.com
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: [www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com), [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

## 2.- Obxecto do contrato

- a) Tipo: servizos.
- b) Descrición: Actividades docentes na escola municipal de música do Concello de Guitiriz 2017-2019.
- c) Prazo de execución: 2 anos prorrogables por outro ano.

## 3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación : ordinaria.
- b) Procedemento : aberto.

**4.- Valor estimado do contrato:** O valor estimado do contrato ascende á contía máxima de 178.874,38 € euros e 37.563,61 € euros de IVE, correspondentes aos tres anos de duración máxima do contrato.

## 5.-Adxudicación

- a) Adxudicatario: Soylar Gestión & Servicios Musicales S.L.
- b) Data : 20 de setembro de 2017
- c) Importe: 22 €/hora sen IVE. Estimación de horas lectivas anuais, cunha media de entre 55,5 e 66,5 horas semanais entre os meses de outubro a xuño e de entre 1887 e 2261 horas en función dos alumnos matriculados en cada especialidade.
- d) Melloras ou variantes do servizo sen custe para o Concello: Constan no expediente.
- e) Duración : 2 anos, prorrogable por outro máis.

## 6.-Formalización:

- a) Data : 20 de setembro de 2017.
- Guitiriz, 13 de novembro de 2017.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 3428

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE BASES DE EJECUCIÓN DEL PRESUPUESTO**

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 23 de novembro de 2017 o expediente de modificación da Base 33 das de execución do vixente orzamento municipal, exponse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 22 de novembro de 2017.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 3488

---

### **MEIRA**

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2017 DO CONCELLO DE MEIRA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 6 de outubro do 2017, dos expedientes de transferencia de crédito entre aplicacións de créditos entre distinta área

de gasto, expediente 1/2017 e suplemento de crédito número 02/2017 con cargo a maiores ingresos dos previstos inicialmente, procedendo a publicarse o Orzamento de gastos do concello de Meira, resumido por capítulos e unha vez incorporadas as modificacións efectuadas:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
1.Gastos de Persoal	606.477,61		606.477,61
2.Gastos Correntes e de Servizos	609.022,39	(+) 81.000	690.022,39
3.Gastos Financeiros	5.500,00		5.500,00
4.Transferencias Correntes	42.300,00		42.300,00
6.Inversións Reais	205.000,00	(-) 40.000	165.000,00
7.Transferencias de Capital	0,00		0,00
8.Activos Financeiros	0,00		0,00
9.Pasivos Financeiros	68.000,00		68.000,00
TOTAL ORZAMENTO	1.536.300,00		1.577.300,00

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Meira, 15 de novembro do 2017.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 3429

## A PONTENOVA

### *Anuncio*

#### **LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MUSICA DE OUTUBRO 2017.**

Por Resolución de alcaldía de data trece de novembro de 2017 resólvese prestar aprobación da devandita listaxe; que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 1 de decembro de 2017 ao 1 de febreiro de 2018**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 1 de decembro de 2017 ao 1 de febreiro de 2018**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a quince de novembro de dous mil dezasete.

A Pontenova, 15 de novembro de 2017.- O alcalde, Darío Campos Conde

R. 3430

## QUIROGA

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente a **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DA LUDOTECA**, por Acordo do Pleno de data 14.11.2017 de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo **prazo trinta días**, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

R. 3432

---

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 14 de Novembro de 2017 acordou a aprobación provisional da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DÁ TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECA**.

De conformidade co disposto no artigo 17 Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, durante o prazo de **trinta días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poderán examinar o expediente e durante o mesmo prazo daráselles audiencia a efectos de que poidan presentar as reclamacións e facer as alegacións e suxestións que estimen oportunas.

Transcorrido devandito prazo sen interpoñerse reclamacións, este acordo provisional elevarase a definitivo sen necesidade de segundo acordo expreso, publicándose en todo caso o texto integro das Ordenanzas Fiscais ou as súas modificacións.

En Quiroga a 15.11.2017.- O ALCALDE, Julio Álvarez

R. 3433

---

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 15 de novembro de 2017 o padrón do 3º Trimestre de 2017 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo e o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2017, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

---

Ribas do Sil, 16 de novembro de 2017.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega

R. 3434

---

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos a AUGA, LIXO (urbán) e SUMIDOIROS correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2017, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 13 de novembro do 2017.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (Praza de España, 1)

Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 27 de novembro de 2017 ao 5 de xaneiro de 2018.

**PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN:** Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Contra o presente acto que pon fin a vía administrativa, e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñer:

1. Recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que ditou o presente acto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
2. Ou ben, directamente, reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviño a, 15 de novembro de 2017.- O Alcalde, Joaquín González González

R. 3435

---